



BOP

MÉRCORES, 31 DE OUTUBRO DE 2018 N.º 250

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María Carmen Sixto García e José Ramón Sixto García solicitan de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.57975.

As obras solicitadas consisten no acondicionamento do predio situado nas parcelas 20, 21 e 22 do polígono 1 do Acordo da Concentración Parcelaria do "Val de Alfoz", no lugar de Penido, na parroquia do Reirado, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 16 de outubro de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2976

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 15 de outubro de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados polo proxecto do parque eólico Neda (Expediente LU-11/124-EOL).

Por resolución do 10 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de xuño de 2016, polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico de Neda emprazado nos concellos de Abadín e Pastoriza promovido pola sociedade Norvento SL e por Resolución do 24 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, da modificación do parque eólico Neda.

Esta declaración de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 24/2013, de 26 de decembro do sector eléctrico, leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Por razón do exposto, esta Xefatura Territorial, en cumprimento do disposto no devandito artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados, cos que non se chegou a un acordo e que se relacionan no anexo, para que comparezan o vindeiro **23 de novembro no Concello de Abadín, 23 e 26 de novembro no Concello de A Pastoriza**, como punto de reunión, para levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade e o último recibo da contribución, podendo acompañarse dos seus peritos e un notario, se o estiman oportuno, con gastos á súa costa.

Así mesmo, advírtese a todos os interesados afectados que poderán formular alegacións por escrito nesta Xefatura Territorial (Rolda da Muralla 70, 27071 Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa).

Desta convocatoria darase traslado a cada interesado mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o art.44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación.

No expediente expropiatorio Norvento S.L., asumirá a condición de beneficiaria.

Lugo, 15 de outubro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ANEXO II Bis: R.B.D.A. de necesaria expropiación actualizada a presente data para o levantamento de actas previas á ocupación das parcelas do Parque Eólico Neda (Concellos De Abadín E A Pastoriza)													
Número parcela	Propietario	Parcela					Afectacións R.B.D.A. Modificación Non Sustancial (M2)						
	Nome	Part.	Datos catastrais			Paraxe	Cultivo	Pleno dominio	Servidumes de paso		Servidume de voo	Outras afectacións	
			Zona	Pol.	Parc.				Plat.	Vial Vial-gabia		Gabia	Prot. Eólica
Concello de Abadín													
1	M.V.M.C. de Abeledo (Pte. Ilda Portela González)	1	-	54	106	A Corda	Monte Alto		422				
2	M.V.M.C. de Abeledo (Pte. Ilda Portela González)	1	-	71	236	A Corda	Monte Alto		165				
4	M.V.M.C. de Abeledo (Pte. Ilda Portela González)	1	-	72	7	Prado da Corda	Monte Alto		3.909				
7	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) Antes Bantegal	1	1	501	27	A Emisora	Monte Baixo					1.700	
10	Ana Grandio Pardo	1	1	501	26	A Emisora	Monte Alto					6.921	
11	Estrella Rivas Goás	1	1	501	30	A Emisora	Monte Alto					5.607	
12	María Dolores Díaz González	1	1	501	25	Corda	Monte Alto					76	
13	María Dolores Díaz González	1	1	501	24	Corda	Monte Alto					9.105	
19	Fidel Atilano Díaz Fole	1/2	1	501	21	Parullada	Prado					14.092	
	Emilio Salvador Díaz Fole	1/2											
20	Desconocido (Ilmo. Sr. Fiscal de la Audiencia Provincial)	1	1	501	20	Alto da Corda	Monte Baixo					5.724	
21	Adelina Paz Pardo	1	1	501	19	Alto da Corda	Monte Baixo					6.004	
25	María del Carmen Iglesia López	1	1	501	15	Parullada	Monte Baixo		60		1.340	32.851	
25a	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) Antes Bantegal	1	1	501	44	Alto da Corda	Monte Baixo					2.351	
25b	Francisco Lopez Rey e 4 máis	1	1	501	45	Alto da Corda	Monte Baixo					513	

28	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) Antes Bantegal	1	7	501	14	Alto da Corda	Monte Baixo					6.906	
30b	Hdros. de José Antonio López García	1	1	501	10013	Alto da Corda	Eucaliptos					1.278	
Concello de A Pastoriza													
5	Santiago Souto Gaute e outros	1	7	5	101	Corda	Monte Baixo	447	4910			6329	
8	Graciano Iglesias Nieto	1	7	5	86	Revolta	Monte Baixo	1.638	5.676		8.606	28.322	6.813
14	José Verdes Díaz	1	7	5	87	Revolta	Monte Baixo					10.274	
15	Desconocido (Ilmo. Sr. Fiscal de la Audiencia Provincial)	1	1	5	83	Corda	Monte Baixo		2.874			16.788	
18	José Verdes Díaz	1	7	5	102	Parullada	Prado	2.318	4.102		4.844	43.941	
24	José Verdes Díaz	1	7	5	103	Parullada	Prado	42	0		2.456	8.411	
27	José Verdes Díaz	1	7	5	80	Parullada	Prado					5.981	
31	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	4	101	Pallusado	Eucaliptos		848		4.536	31.103	
32	José Verdes Díaz	1	7	4	100	Pallusado	Prado	2.532	317		5.289	23.701	
33	Estrella Rivas Goás	1	7	4	102	Camiño da Corda	Prado					7.427	
34	José Verdes Díaz	1	7	4	99	Pallarada	Prado				526	9.689	
35	José Verdes Díaz	1	7	4	98	Camiño da Corda	Prado					5.188	
36	Alejandro Taboada González	1	7	4	103	Camiño da Corda	Prado					2.282	
37	Dulcinea Braña Iglesia	1	7	3	7	Sande	Prado		349				
39	Desconocido (Ilmo. Sr. Fiscal de la Audiencia Provincial)	1	7	4	96	Camiño da Corda	Monte Baixo		133				
41	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	4	95	Corda	Monte Baixo		94			3.425	
42	Francisco Grandío Alvite	1	7	4	94	Camiño da Corda	Eucaliptos					5.877	
43	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	4	106	Camiño da Corda	Monte Baixo					6.473	
45	Desconocido (Ilmo. Sr. Fiscal de la Audiencia Provincial)	1	7	4	108	Camiño da Corda	Monte Baixo		14			4.794	
46	Ángel Cornide Braña e outros	1	7	4	34	Sande	Monte Baixo					7.166	
47	Ernestino Francos Cornide	1	7	4	107	Sande	Monte Baixo					7.383	
49	Primitiva Rivas García	1	7	3	16	Sande	Monte Baixo					10.789	
50	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	3	17	Monte de Sande	Monte Baixo		0		176	6.908	
51	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	3	18	Monte de Sande	Monte Baixo		588				

53	Graciano Iglesias Nieto	1	7	3	13	Monte de Sande	Monte Baixo						3.596	
54	María Beatriz Ovalle Neira	11/36	7	3	19	Monte de Sande	Monte Baixo		159	5.760	32.297			
	Abel Ovalle Neira	11/36												
	Juan Neira Estrada	7/54												
	Froilán Neira Estrada	7/54												
	F Javier Neira Estrada	7/54												
57	Desconocido (Ilmo. Sr. Fiscal de la Audiencia Provincial)	1	7	3	21	Regofeo	Monte Baixo						3.743	
58	María Enriqueta López González	1	7	3	24	Monte de Sande	Eucaliptos	476	389					
59	Rosendo Alonso Lorenzo	1	7	3	28	Monte de Sande	Monte Baixo				2.040		22.861	
60	María Elda Coido Prieto	1/2	7	3	27	Monte de Sande	Prado		1.221					
	Fidel Rego Carballeira	1/2												
61	José Luis Lodos Ferreiro	1	7	3	26	Monte de Sande	Eucaliptos		1.202					
62	S.A.T. A Corda 700 Xuga	1	7	3	31	Regofeo	Prado		814					
63	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	3	37	Regofeo	Prado		148				1.667	
64	Ovidio Coido Fraga	1	7	3	38	Regofeo	Prado						2.696	
65	Comunidad de Herederos Río Rivas e C.B. Río Lorenzo	1	7	3	39	Monte Barral	Eucaliptos	2.693	2.685		4.807		30.724	
66	Comunidad de Herederos Río Rivas e C.B. Río Lorenzo	1	7	3	41	Monte Barral	Eucaliptos	123	4.855		5.270		65.680	
67	Herederos de Carmen Antonia Rivas García	1	7	3	43	Monte Barral	Eucaliptos	2.863	1.552		10.704		42.755	
68	Herederos de Carmen Antonia Rivas García	1	7	2	85	Monte Barral	Eucaliptos						1.428	
69	Carmen Antonia Rivas García	1	7	2	44	Monte Barral	Eucaliptos						12.101	
70	Carmen Antonia Rivas García	1	7	3	45	Monte Barral	Eucaliptos						668	
Subestación														
38	Masa Común (Concello de Pastoriza)	1	7	4	104	Camiño da Corda	Monte Baixo	4.241						
Afectacións a Convenios e Consorcios														
Numero Parcela	Área Afectada	Part.	Parcela				Afectacións R.B.D.A. Modificación Non Sustancial (M2)							
			Datos Catastrais			Paraxe	Cultivo	Pleno dominio	Servidumes de paso		Servidume de voo	Outras afectacións		
			Zona	Pol.	Parc.				Plat.	Vial		Vial-gabia	Gabia	Prot. Eólica
Concello de Abadín														
1	Convenio nº 2715780	1		54	106	A Corda	Monte Alto		422					
2	Convenio nº 2715780	1		71	236	A Corda	Monte Alto		165					
4	Convenio nº 2715780	1		72	7	Prado da Corda	Monte Alto		3.909					
Afectacións a Arrendatarios														

Numero Parcela	Arrendatario	Parcela						Afectacións R.B.D.A. Modificación Non Sustancial (M2)						
		Part.	Datos Catastrais			Paraxe	Cultivo	Pleno dominio	Servidumes de paso		Servidume de voo	Outras afectacións		
			Zona	Pol.	Parc.				Plat.	Vial Vial-gabia		Gabia	Prot. Eólica	Oc. Temp.
Concello de Abadín														
25a	Diaz Diaz, Jaime	1	1	501	44	Alto da Corda	Monte Baixo						2.351	
25b	Diaz Diaz, Jaime	1	1	501	45	Alto da Corda	Monte Baixo						513	

R. 2950

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 02/10/2018 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2018.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 2 de outubro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2985

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 29 de outubro de 2018 aprobáronse as bases para selección dun/dunha auxiliar de axuda no fogar.

Tipo e duración do contrato: Un/unha a xornada completa (100 % da xornada) por un prazo de 6 meses prorrogables ata un máximo de 3 anos.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel ata o 7 de novembro de 2018 inclusive.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel e na sede electrónica da páxina web: www.folgosodocourel.es

Folgoso do Courel, 29 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3022

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17 de outubro de 2018, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de xullo e agosto de 2018, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 18 de outubro e o 18 de decembro de 2018.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 18 de outubro de 2018.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 2986

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga setembro- outubro 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 22.10.2018 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do quinto bimestre 2018 (setembro-outubro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 31.10.2018 ata o 31.12.2018

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación,ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web *www.aqualia.es*.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 22 de outubro de 2018.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 2987

MURAS*Anuncio*

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal 2018 , mediante suplemento de crédito.

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2018, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante suplemento de créditos financiado con cargo a outras partidas orzamentarias por un importe de 76.900 euros.

O devandito expediente permanecerá exposto o público durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación do 169, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 26 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3000

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio de 2018 mediante crédito extraordinario.

O Concello Pleno, en sesión Ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2018, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con cargo a outras partidas do orzamento por un importe de 50.000 euros.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169, do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 26 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo. .

R. 3001

A PONTENOVA*Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2018, relativo ó expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto), expediente Gestiona nº 356/2018, que se fai público resumido por capítulos:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
432	22799	Traballos realizados por outras empresas	0,00 €	3.600,00 €	3.600,00 €
161	39110	Multas por infraccións tributarias e análogas	0,00 €	41.074,28 €	41.074,28 €
		TOTAL	0,00 €	44.674,28 €	44.674,28 €

Baixas ou Anulacións en Concepto de Ingresos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
430	352	Intereses de demora	2.000,00 €	983,43 €	1.016,57 €
231	76102	Primeira achega licitación obra centro de día	66.666,00 €	43.690,85 €	22.975,15 €
		TOTAL INGRESOS	68.666,00 €	44.674,28 €	23.991,72 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pontenova, 30 de outubro de 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3033

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA****ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ESTANCIA NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DO CONCELLO DE RIBADEO**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 23/08/2018 de aprobación da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ESTANCIA NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DO CONCELLO DE RIBADEO.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBADEO**Artigo 1.- Concepto**

O Concello de Ribadeo no exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ao abeiro do disposto polo artigo 148 en relación co 41, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en diante TRLFL), establece o prezo público polos servizos de asistencia e estancia no Servizo de Atención Residencial do Centro de Atención a Maiores do Concello de Ribadeo, que se rexerá polas disposicións da presente ordenanza.

Artigo 2.- Obrigado/a ao pagamento

A participación da persoa usuaria no custo dos servizos terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na presente Ordenanza, así como no establecido polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Estará obrigada a persoa usuaria ao pagamento dos prezos públicos regulados na presente, as persoas físicas que utilicen ou se beneficien dos servizos e actividades prestadas ou realizadas no Servizo de Atención Residencial no Centro de Atención a Maiores de Ribadeo, cando sexa de tracto sucesivo con execución continuada ou periódica e en todo caso, dende a data da ocupación efectiva da praza ou momento de inicio da súa prestación, ou do día en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia dunha baixa xustificada e exenta de pagamento ou momento do inicio da súa prestación da persoa usuaria

Nos supostos de persoas con modificación da capacidade de obrar, declarada por sentenza xudicial, o/a obrigado/a ao pagamento será o/a titora, ou representante legal, que efectuase a solicitude de ingreso, á cal deberá achegar a resolución xudicial, tanto do nomeamento da persoa titora ou representante como da autorización xudicial de ingreso.

Artigo 3.- Contía dos servizos.

Defínense como servizos básicos os que a continuación se relacionan: aloxamento; manutención e dietas; limpeza e mantemento das instalacións; lavandería e xestión da roupa; servizos de valoración, seguimento, avaliación; apoio nas actividades da vida diaria; atención sanitaria preventiva; rehabilitación funcional; estimulación cognitiva; o calquera outro que estableza a ordenanza de acceso. Consideraranse como servizos opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean considerados como básicos.

1. As persoas usuarias dos servizos ao abeiro da modalidade excepcional segundo establece a ordenanza de acceso ao servizo, achegarán o importe total do custe de referencia do mesmo, é dicir, o custe do servizo prestado tendo en conta a duración.

2. Para os servizos opcionais ou complementarios terase en conta o establecido na disposición adicional da presente ordenanza.

3. Os parámetros ou variables económico-sociais a aplicar en orde a determinación e liquidación do prezo público para os servizos básicos na modalidade ordinaria son:

a. Custe de referencia do servizo de atención residencial, que será o determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en **1.390,00€** para persoas que acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice de Barthel e **1.080,00€** para as persoas que non acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice mencionado. Estas contías revisaranse anualmente.

b. Así mesmo, para os servizos básicos na modalidade de acceso ordinaria regulada na oportuna ordenanza de acceso ao mesmo, terase en conta:

i. A capacidade económica mensual en relación ao valor do IPREM establecido para cada anualidade

ii. O establecido na táboa de Servizo de Atención Residencial (recollida no apartado 4 do presente artigo)

iii. O mínimo vital.

c. Non obstante terase en conta o recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo.

4. Determinación da participación económica para os servizos básicos na modalidade ordinaria en función da capacidade económica: Prezo Público.

As persoas usuarias dos servizos básicos ao abeiro da modalidade ordinaria segundo establece a ordenanza de acceso ao servizo, participarán no financiamento do mesmo de acordo a súa capacidade económica mensual.

A participación da persoa usuaria calcularase multiplicando a súa capacidade económica mensual pola porcentaxe que lle corresponda segundo a "Táboa Servizo de Atención Residencial". Para determinar a porcentaxe a aplicar, deberase calcular a proporción da súa capacidade económica mensual respecto ao IPREM. A porcentaxe resultante establecerá o tramo da Táboa Servizo de Atención Residencial" a aplicar.

PU = CEM x porcentaxe "Táboa Servizo de Atención Residencial"

Unha vez obtida a contía, respectarase o mínimo vital, calculados segundo o establecido no artigo 5, que lle corresponda, e terase en conta os límites de participación no financiamento, dando finalmente o prezo público a aboar pola persoa usuaria.

Táboa de servizo de Atención Residencial			
% da Cem respecto do IPREM, ATA		PERSOAS CON AUTONOMÍA	PERSOAS DEPENDENTES
		% sobre Cem	% sobre Cem
75,00 %		69,50 %	73,45 %
82,50 %		70,13 %	73,97 %
90,75 %		70,82 %	74,54 %
99,83 %		71,58 %	75,17 %
109,81 %		72,42 %	75,87 %
120,79 %		73,34 %	76,63 %
132,87 %		74,36 %	77,47 %

Táboa de servizo de Atención Residencial			
% da Cem respecto do IPREM, ATA		PERSOAS CON AUTONOMÍA	PERSOAS DEPENDENTES
		% sobre Cem	% sobre Cem
146,15 %		75,47 %	78,39 %
160,77 %		76,70 %	79,41 %
176,85 %		78,05 %	80,52 %
194,53 %		79,53 %	81,75 %
213,98 %		81,16 %	83,10 %
235,38 %		82,96 %	84,59 %
258,92 %		84,94 %	86,22 %
284,81 %		87,11 %	88,03 %
≥309,81 %		89,50 %	90,00 %

Artigo 4. Determinación de capacidade económica.

4.1. Regras para a determinación da capacidade económica para os servizos prestados na modalidade ordinaria.

A capacidade económica da persoa usuaria aos efectos desta Ordenanza será a resultante da suma de todos os ingresos en cómputo anual (iga) máis a capacidade patrimonial (Cp). A Capacidad Patrimonial calcularase en función do patrimonio a imputar, multiplicado polo coeficiente que lle corresponda na "Táboa de patrimonio progresiva".

A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa

$$Ce = (Iga + Cp)$$

$$Cem = Ce/12$$

TÁBOA DE PATRIMONIO PROGRESIVA	
PATRIMONIO ATA	COEFICIENTE PROGRESIVO PATRIMONIO
10.000,00 €	0,050
20.000,00 €	0,060
30.000,00 €	0,070
40.000,00 €	0,080
50.000,00 €	0,090
60.000,00 €	0,100
70.000,00 €	0,110
80.000,00 €	0,120
90.000,00 €	0,130
≥100.000,00 €	0,140

O período para computar a determinación da capacidade económica será o último exercicio fiscal pechado. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións públicas o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.

4.2. Normas de valoración para o cálculo da capacidade económica.

a. Ingresos: Considéranse a totalidade dos ingresos calquera que sexa a fonte de procedencia, derivados directa ou indirectamente do traballo persoal, dos bens e dereitos integrantes do seu patrimonio, das pensións e/ou prestacións, e do exercicio de actividades económicas, así como os que se obteñan como consecuencia dunha alteración na composición do patrimonio.

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra la violencia de xénero.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

b. Bens patrimoniais: Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder, depósitos ou imposicións bancarias, contas correntes ou de aforro, fondos de inversión ou instrumentos similares de colocación de efectivo. Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo, ademais dos relativos a colocación de efectivo, os bens mobles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión ou calquera outro de análoga natureza. Para a tradución económica destes inmobles atenderase ao seu valor catastral.

A vivenda habitual computarse polo valor catastral no exercicio que se toma como referencia para o cálculo da capacidade económica da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado. Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.

Para os efectos da valoración de patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e con modificación da capacidade de obrar regulado no Código Civil, Lei de axuízamento civil e na normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.

En todo caso, computaranse as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuito, a favor do cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

4.3. Procedemento para a actualización ou modificación da capacidade económica os servizos na modalidade ordinaria.

a) Como prazo máximo, no terceiro trimestre de cada ano, a persoa responsable do centro, procederá de oficio a revisar a capacidade económica de cada usuario/a, tomando en consideración os datos económicos subministrados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e outros Organismos Públicos, relativa ó último exercicio dispoñible. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións públicas o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao ano en curso. En todo caso a nova participación, aplicarase a 1 de xullo do mesmo.

b) Independentemente do reflectido no apartado anterior, calquera alteración substancial da capacidade económica da persoa beneficiaria derivada da modificación das prestacións periódicas que perciba, determinará unha revisión da mesma e da aportación para o pago dos servizos con efectos a partir do primeiro día do mes seguinte da revisión. A tal efecto, a persoa beneficiaria deberá comunicar ditos cambios a persoa responsable do centro, nun prazo máximo de 10 días a partir do momento no que se produzan. Procederá a establecer unha nova capacidade económica persoal estimada para o exercicio de referencia, para o que se tomará como ingresos por prestacións os que recibise a persoa interesada tendo en conta as novas contías, aplicando as normas xerais vixentes sobre revalorización de prestacións. Dita contía sumarase as rendas individuais doutra natureza, acreditadas para dito exercicio, así como o valor patrimonial computable segundo os criterios establecidos con anterioridade.

c) Unha vez realizada a nova valoración da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo, produto da súa modificación, o órgano competente que ditou a resolución de acceso ao servizo, ditará

resolución de revisión da nova capacidade económica e por ende da participación no custo do servizo, producindo efectos, desde a súa notificación e dando lugar a un novo prezo público para a persoa usuaria.

Artigo 5. Mínimos vitais

Con independencia do importe a aboar polo custo dos servizos básicos na modalidade ordinaria, derivada da capacidade económica da persoa usuaria, garantirase unha contía mínima para gastos persoais que quedarán integramente á disposición do seu perceptor/a calculada en función dos seus ingresos e determinada segundo as seguintes consideracións:

1. **Mínimo Vital de Ingresos, Mvi** : calcularase en función da doceava parte dos ingresos anuais derivados da principal pensión ou prestación periódica (**Ppa**), multiplicado polo coeficiente que lle corresponda segundo a "Táboa Mínimos Vitais Progresivos Residencia". Terase en conta que a prestación principal mensual, **Ppm** será o importe da pensión ou prestación principal en computo anual dividido entre 12.

$$Ppm = Ppa / 12.$$

$$Mvi = (Ppm \times \text{coeficiente progresivo mínimo vital})$$

TÁBOA MÍNIMOS VITAIS PROGRESIVA RESIDENCIA	
ATA INGRESOS LÍQUIDOS mensuais	COEFICIENTE PROGRESIVO MÍNIMO VITAL
431,55 €	0,250
500,00 €	0,240
600,00 €	0,220
700,00 €	0,190
800,00 €	0,170
900,00 €	0,160
1.000,00 €	0,150
1.100,00 €	0,150
1.200,00 €	0,150
1.300,00 €	0,150
1.400,00 €	0,140
1.500,00 €	0,140
1.600,00 €	0,140
1.700,00 €	0,140
1.800,00 €	0,135
1.900,00 €	0,135
2.000,00 €	0,135
2.100,00 €	0,135
2.200,00 €	0,130
2.300,00 €	0,130
2.400,00 €	0,130
≥ 2.500,00 €	0,130

2. O mínimo vital de Ingresos Mvi, minorarase pola Capacidade Patrimonial Mensual (Cpm), dando lugar ao **Mínimo vital de capacidade patrimonial Mvcp**. A capacidade patrimonial mensual, será o resultado de multiplicar o patrimonio (P) a imputar polo coeficiente que lle corresponda na “Táboa de patrimonio progresiva” (Artigo 4.1.) e dividido entre doce.

$Cpm = P \times \text{coeficiente progresivo patrimonio} / 12$

$Mvcp = Mvi - Cpm$.

3. En calquera caso, garantirase á persoa usuaria unha dispoñibilidade mínima equivalente ao 20% do IPREM mensual. Este mínimo incrementarase ata un máximo do 26% do IPREM para as persoas menores de 65 anos e que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% segundo o certificado de discapacidade emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (en diante, EVO) correspondente, en concepto de custos adicionais asociados á discapacidade.

Sempre que a persoa usuaria obtivese ingresos iguais ou superiores ao importe íntegro da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva, previsto nas leis de orzamentos do Estado, garantiráselle a contía correspondente á mensualidade da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva (excluíndo as pagas extras), cando o seu cónxuxe, ou persoa con relación análoga a conxugal, permanecese na súa vivenda habitual e acredítase non dispoñer de recursos económicos superiores á citada contía. No suposto anterior, o cónxuxe ou persoa con análoga relación, deberá iniciar aqueles trámites que lle permitan dispoñer de ingresos periódicos para a cobertura das súas necesidades, realizando os mesmos nun prazo máximo de 10 días posteriores á ocupación efectiva da praza pola persoa usuaria no servizo. Unha vez que o cónxuxe, ou relación análoga, reciba resolución favorable de concesión de pensión ou prestación, revisarase a participación económica da persoa usuaria, tendo efectos económicos dende a data da resolución da dita pensión ou prestación.

Artigo 6.- Normas de xestión

1. O procedemento para o acceso aos servizos e a determinación da capacidade económica en cada momento será o establecido na correspondente “**Ordenanza para o acceso ao Servizo de atención residencial e Servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo**”, e a presente ordenanza Do mesmo xeito os servizos a prestar, dereitos e deberes dos usuarios/as serán os recollidos nos Regulamentos de Réxime Interno dos Servizos do Centro.

2. A obriga de pagamento nace dende que se inicia a prestación do servizo, é dicir, o día da ocupación efectiva da praza por parte da persoa usuaria, ou do día en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia dunha baixa xustificada e exenta de pagamento.

3. O prezo do primeiro mes será liquidado por días cando a alta non se produza o primeiro día do mes.

4. No momento da perda da condición de persoa beneficiaria do servizo, realizarase a liquidación definitiva pola diferenza entre os pagos efectuados mediante liquidacións, básicas ou complementarias, e a suma das achegas económicas esixibles durante o período que estivo gozando dos servizos.

5. No suposto de suspensión temporal dos servizos, terase en conta o seguinte:

a. Ausencias motivadas por unha convivencia familiar, así como as que se entendan vencelladas a un período vacacional ou de descanso, que terán como máximo unha duración de 30 días naturais continuados ao ano, ou dous períodos de 15 días continuados ao ano. Estas ausencias non deivindicarán na obriga de pago en concepto de reserva de praza, sempre e cando se comunique con antelación por parte da persoa beneficiaria esta ausencia nun período mínimo de 7 días naturais. No caso de non comunicarse a ausencia no período indicado, poderán participar no custo do servizo nun 100% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

b. Ausencias puntuais non planificadas, derivadas de procesos de hospitalización ou outras situacións de causa maior que se poidan acreditar documentalmente. Neste caso, as persoas que se atopen nesta situación, non participarán no custo do servizo ata un máximo de 10 días naturais continuados. A partir dos mesmos, poderán participar, a criterio técnico, no custo do servizo nun 40% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

c. Outras ausencias. As persoas usuarias que se ausenten do servizo por outros motivos distintos aos indicados anteriormente, participarán no custo do servizo nun 100% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

Artigo 7.- Pagamento do prezo público

1. A recadación da achega económica mensual para a modalidade ordinaria realizarase mediante a domiciliación nunha conta corrente de titularidade da persoa obrigada ao pago que se atope aberta nunha entidade de crédito, por meses vencidos, e dentro dos primeiros 10 días naturais dende a data da emisión da correspondente liquidación. O pago entenderase realizado na data do cargo en conta das devanditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para ese efecto expida a entidade de crédito.

2. No suposto de devolución do recibo á entidade emisora, a Administración practicará a correspondente liquidación da débeda co contido que determina o artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que será notificada nos termos establecidos na Sección 3.^a do Capítulo II do Título III da devandita Lei.

3 Expedirase polo Concello a correspondente liquidación na que se expresarán separadamente cada un dos conceptos liquidados, reflectindo cando menos:

- Identificación da administración que presta o servizo.
- Identificación da persoa usuaria.
- Natureza do ingreso e normativa de aplicación.
- Elementos que configuran a débeda e cantidade que se debe ingresar.
- A circunstancia de actualización do importe indicarse o motivo, método ou forma de actualización, e a data en que terá efectos.
- Forma, lugar e prazos nos que deberá facerse efectivo o ingreso económico, no caso de non estar domiciliado.
- Os medios de impugnación que proceda, indicando os prazos e os órganos ante os que se deben interpoñer.

4. As persoas usuarias na modalidade excepcional obrigadas ao pagamento, poderán domiciliar os pagamentos correspondentes ou realizar o ingreso na conta que conste no recibo de liquidación.

Artigo 8.- Devolución de ingresos

Cando por causas non imputables a persoa obrigada ao pagamento do prezo público non se preste o servizo ou realice a actividade, procederase á devolución do importe correspondente.

Artigo 9.- Procedemento de constrinximento

As débedas por estes prezos públicos non satisfeitas en período voluntario esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición adicional

Consideraranse como opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean considerados como servizos básicos na ordenanza de acceso. No caso de que se presten polo centro, estes servizos serán a cargo da persoa usuaria e serán liquidados adicionalmente, segundo a relación de prezos que se exporá para o coñecemento público no taboleiro do Centro.

As persoas usuarias asumirán o 100% do custo destes servizos opcionais ou complementarios que o centro poderá ofertar e que voluntariamente se contraten por parte das persoas usuarias. Non obstante, terase en conta para casos excepcionais o recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa".

- A modificación desta Ordenanza, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 24 de outubro de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2988

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **terceiro trimestre de 2018**, o citado padrón

estar á disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xaneiro de 2019, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, a 5 de Outubro de 2018. A SRA. ALCALDESA, Pilar López Yañez.

R. 2989

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2018, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 24 de outubro do 2018.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 5 de novembro de 2018 ao 20 de decembro de 2018.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 23 de outubro de 2018.- O Alcalde, Joaquín González González.

R. 2990

O VICEDO

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de 11 de outubro de 2018, prestouse aprobación ás bases e convocatoria para proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa "Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

O Vicedo, 11 de outubro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN ADMINISTRATIVO, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, Ó ABEIRO DO ARTIGO 10. 1 c) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DENTO DO PROGRAMA: "FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018", FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.-

I.— Obxecto

O obxecto das presentes bases é proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa "Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará "funcionario interino por execución de programa de carácter temporal", coa categoría de administrativo, pertencente á escala de administración xeral. A duración do nomeamento terá como data límite o 30 de setembro de 2019, coincidente coa vixencia do programa de "Fomento do emprego do plan provincial único de cooperación cos concellos 2018", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

II.—Funcións/tarefas e retribucións económicas

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas as relacionadas co funcionamento administrativo dos servizos do concello, tales como redacción e arquivo de documentos, colaboración na tramitación de expedientes, apoio na contabilidade, etc., e correspondéndolle as retribucións salariais que figuran no presuposto municipal aprobado para 2018, para un grupo C1, C.D. 14.

III.—Condicións dos/as aspirantes

1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de bacharelato ou técnico.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non

atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega co obxecto de garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas usuarias do servizo de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada (Base 8ª.1 do Plan único de cooperación cos concellos 2018, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo).

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a interino/a, no seu caso.

IV.—Presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (Anexo II).

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. Debendo acompañar en todo caso a seguinte documentación:

— Fotocopia compulsada do DNI, ou no seu caso pasaporte.

— Fotocopia compulsada da titulación esixida.

— Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir.

— Certificado de Lingua Galega CELGA 4, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base VI.

— Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. (Anexo IV).

— Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo IV).

— Informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego e vida laboral actualizada.

— Méritos que se alegan. (Anexo III) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Realizarase tamén publicación na web do concello www.concellodovicedo.org e no taboleiro de edictos da Corporación, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello do Vicedo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos de conformidade co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos

postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello do Vicedo, o/a aspirante deberá remitir por fax, ao número 982590001 ou ben por correo electrónico (concello@concellodovicedo.org) unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

4. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

V.—Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordarase a aprobación da lista de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios deste Concello, e na páxina www.concellodovicedo.org.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

VI.—Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

A.—FASE DE OPOSICIÓN: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

PRIMEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento, por escrito, de dous temas, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I ás presente bases, sendo a puntuación máxima 10 puntos, outorgándose 5 puntos por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar ó exercicio práctico.

O tempo máximo de realización da proba será de cento vinte (120) minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Para a cualificación do exercicio teranse en conta os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos, e pasar á fase de concurso.

TERCEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarase de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 4 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

B.—FASE DE CONCURSO:

Valorarase os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

Aos efectos de valoración de méritos, precísase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, aínda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados mediante documentos orixinais ou copia compulsada acreditativa daqueles no prazo de presentación de instancias polos/as solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte da Administración.

Baremo Xeral de Méritos:

- **Por experiencia en traballos iguais (ata un máximo de 2 puntos):**
- Experiencia na realización de iguais traballos na administración pública, ata 2 puntos; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado.
- Experiencia na realización de iguais traballos na empresa privada, ata 2 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado.

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.

VII.—Tribunal Cualificador

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.
- Secretario/a: Secretario - Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.
- Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

VIII. Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

IX. Toma de posesión dos aspirantes propostos/as

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

X. Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

XI. Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

XII. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demais normativa concordante.

XV. Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O Vicedo, 11 de outubro de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

ANEXO I

Programa

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Protección dos dereitos fundamentais: o recurso de amparo.

Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A súa motivación e a súa notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Significado. Principios xerais. Fases.

Tema 5.- A administración local. Entidades que comprende. Réxime local español. Principais leis reguladoras de réxime local.

Tema 6.- Órganos de goberno municipais. O Alcalde: elección, deberes e atribucións. Os concelleiros.

Tema 7.- O Concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local: integración e funcións.

Tema 8.- O persoal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 9.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 10.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Tema 11.- Facendas locais. Presuposto municipal. Recursos dos municipios.

Tema 12.- Fases de execución do gasto público local. As modificacións de crédito. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias de crédito. Xeracións de crédito. Incorporación de remanentes.

Tema 13.- Contratos do sector público: obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministro, servizos, mixtos.

Tema 14.- Contratos menores.

Tema 15.- Contratos do sector público: competencia e normas específicas en materia de contratación nas entidades locais.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO
SELECCIÓN DUN ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO:
ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

CARÁCTER DA CONVOCATORIA:
FUNCIONARIO INTERINO

FORMA DE PROVISIÓN:
CONCURSO - OPOSICIÓN

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2018

(Sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2018

(Sinatura)

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº e
endereço.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, de de 2018

(Sinatura)

R. 2915

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21601.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Amadeo Fernández Rico.

Nombre del río o corriente: Manantiales Fonte do Estivin (2 surgencias).

Caudal solicitado: 0,019 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 186 del polígono 35, Cartea (Os Baos).

Término Municipal y Provincia: Ribeira de Piquín (Lugo). Destino: Abastecimiento a vivienda y uso ganadero.

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Captación 1: Arqueta y conducción hasta depósito del que partirá otra tubería hasta vivienda.

Captación 2: Arqueta de captación y conducción hasta conectar con tubería procedente del depósito. De esta captación partirá también una conducción a un abrevadero.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Ribeira de Piquín**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 22 de octubre de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 2998